

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO 2 DO I PREMIO VÍDEO-ENXEÑOS

Data: 12 de maio de 2022

Hora inicio: 9:30 h, Hora fin: 9:50 h

Lugar: via MS Teams.

Asistentes

Julia González Álvarez

Héctor Rodríguez Martínez

María Isabel Vaquero

Na categoría de “Estudantes de mestrados do ámbito da enxeñaría química (Enxeñaría Ambiental, Enxeñaría Química e Bioprocesos) ou do Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental” non se presentou ningún vídeo polo que o premio queda deserto.

Na categoría de “Estudantes de Grao en Enxeñaría Química” hai tres vídeos candidatos: “Coches de H₂”, “Pirólise” e “Reactores Químicos”. O xurado decide por unanimidade non concederlle premio ao vídeo “Pirólise” pola súa baixa creatividade e orixinalidade. Tamén decide por unanimidade concederlle o premio de 325 € ao vídeo “Coches de H₂” por ser a proposta que traslada a súa mensaxe de maneira máis eficaz, cunha linguaxe maiormente correcta e de excelente fonética, e pola súa creatividade na rodaxe e a montaxe. Finalmente, o xurado toma por unanimidade a decisión de concederlle ao vídeo “Reactores Químicos” un accésit de 162,50 € por mostrar certa creatividade no deseño e facer referencia a igualdade de xénero, cunha expresión oral correcta en liñas xerais.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Julia González Álvarez